

## MANIFESTO

# O PARLAMENTO É DO POBO

**VIVIMOS UNHA INVOLUCIÓN DEMOCRÁTICA E SOCIAL.** A crise instalouse entre nós e roubou a esperanza dun futuro mellor. A pesar da propaganda oficial e a mentira a crise é o día a día de milleiros de persoas. De feito, nestes últimos anos, agudizouse o papel dependente de Galiza provocando máis paro, emigración, precariedade e desigualdades.

**NON NOS RESIGNAMOS.** Por iso defendemos o rescate dos pobos e da democracia. Saímos a rúa a defender con uñas e dentes a sanidade, a educación, o dereito a vivenda, o dereito a vivir na terra e a que a nosa riqueza non emigre. Os que nos gobernan saben ben que a forza dos pobos é poderosa. Por iso intentan silenciarnos.

**QUEREN AMORDAZAR AO POBO.** Perseguen a quen defende democraticamente os dereitos. Aprobán leis para amordazarnos. Queren converter os Parlamentos en zombis viventes, sen utilidade nin capacidade para actuar. É intolerábel que se persiga con multas e informes falsos a persoas que defenden as persoas fronte aos atracos da banca, ou estafas como as preferentes. Multas desorbitadas por protestar ante Merckel ou simplemente, expresar con liberdade a súa opinión. A outra cara da moeda é converter ao Parlamento Galego nun apéndice inútil do goberno. Un Parlamento onde non se respectan as mínimas normas de funcionamento democrático e se pretende amordazarnos. Mais non nos calarán. Nin nas rúas, nin no Parlamento.

**NON NOS CALARÁN.** O Parlamento de Galiza é a única institución oficial que neste intre representa a existencia do pobo galego. A pesar das súas limitacións e corsés, é un espazo onde Galiza, os problemas dos galegos e galegas, teñen tratamento, debate e consideración. Silenciar ao Parlamento, a unha parte da oposición, é silenciar os problemas e sufrimentos de millerios de persoas.

**O PARLAMENTO É DO POBO.** Por iso, ante os secuestro de dereitos reclamamos que se poña fin a criminalización e persecución das persoas e colectivos que defenden a xustiza, a dignidade e a igualdade. Denunciamos a involución democrática e social que vivimos, da man do secuestro da democracia e a centralización. Reclamamos que se poña fin a todas as mordazas que nos queren impor, na rúa e no Parlamento da Galiza.

